

Concello de Viveiro

EXPTE.-6720/2021

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres 10 de setembro 2021 N.º 209, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 07 de setembro de 2021, polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT administrativo (SX6.2/035) na Escala Administración Xeral, Subescala Administración.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do xoves 16 de setembro de 2021 N.º214, publícase a corrección de erros da convocatoria, bases e anexos polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT Administrativo (SX6.2/035) na escala administración xeral, subescala administración.

No Diario Oficial de Galicia do xoves 23 de setembro de 2021 N.º 184, publícase anuncio do extracto da convocatoria para prover unha praza pola quenda de acceso libre (OEP 2018).

No Boletín Oficial do Estado do xoves 07 de outubro de 2021 N.º240, publícase Resolución de 30 de setembro de 2021 do Concello de Viveiro (Lugo), referente á convocatoria para prover unha praza de Administrativo, pertencente á escala de Administración Xeral, subescala Administrativa e Calse media, mediante o sistema de oposición en turno libre, indicando que o prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación des esta Resolución no "Boletín Oficial do Estado".

Vistas as bases reguladoras cos seus anexos polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT administrativo (SX6.2/035) na Escala Administración Xeral, Subescala Administración.

Tendo en conta a proposta do Tribunal data 23 de marzo de 2022, na que literalmente di: "(...)"

Aceptar a proposta do Tribunal como lista de reserva (lista de emprego), ao abeiro da base 14 das Bases xerais e específicas da convocatoria, sendo a lista de emprego a seguinte:

CÓDIGO PRIMEIRA PROBA	CÓDIGO SEGUNDA PROBA	APELIDOS E NOME	Puntuación primeira proba	Puntuación segunda proba	Puntuación total
104	19	González Fernández Natalia	6,625	7,55	14,175
109	5	Vázquez Montes Tamara	7,25	6,6	13,85
130	6	Fungueiriño Pazos José Luis	7,375	5,9	13,275
129	24	Torre Mahía Lidia	7,375	5,45	12,825

..."

Vista a base xeral 16, que sinala: "(...) **d)** O ofrecemento realizarase por calquera medio que permita a súa constancia, e os interesados deberán confirmar a súa aceptación nun prazo máximo de dous días hábiles dende o envío da comunicación. No suposto de que o interesado non manifeste a súa aceptación por calquera medio en que quede constancia no prazo referido, entenderase que se rexeita o ofrecemento e pasarase á seguinte persoa da lista en disposición de incorporarse e así sucesivamente. Os aspirantes poderán actualizar os seus datos de contacto durante a vixencia da lista.

Os efectos para os aspirantes polo seu rexeitamento inxustificable do nomeamento regulase do seguinte xeito:

- O primeiro rexeitamento non implicará penalización.
- O segundo rexeitamento suporá pasar a ocupar o último posto da lista.
- O terceiro rexeitamento suporá a baixa definitiva da lista.

Non se considerará rexeitamento a un ofrecemento o caso das mulleres embarazadas que así o manifesten e xustifiquen ao ser requiridas, si tal estado é incompatible, segundo os criterios preventivos, co exercicio da actividade do posto a cubrir coa lista do que se trate. Entenderase así mesmo por rexeitamento xustificable situacións de emprego ou incapacidade..."



Concello de Viveiro

Tendo en conta que con data 24 de xaneiro de 2023, procedese a realizar o chamamento á primeira da lista de emprego a Dna. Tamara Vázquez Montes para a cobertura de un posto de administrativo/a no departamento de rexistro, mediante o nomeamento de un funcionario interino para o apoio ao rexistro municipal, comunicando que non aceptaba a oferta e non presentando xustificación algunha a dito rexeitamento.

Tendo en conta que con data 24 de febreiro de 2023, procedese a realizar o chamamento á primeira da lista de emprego a Dna. Tamara Vázquez Montes para a cobertura de un posto de administrativo/a no departamento de biblioteca municipal, mediante o nomeamento de un funcionario interino para o apoio na biblioteca municipal, comunicando que non aceptaba a oferta e non presentando xustificación algunha a dito rexeitamento.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Pasar a Dna. Tamara Vázquez Montes a ocupar o último posto da lista, por constar dous rexeitamentos aos postos ofertados sen a debida presentación da xustificación correspondente.

SEGUNDO.- Modificar a lista de emprego, ao abeiro da base 16 das Bases xerais e específicas da convocatoria, sendo a lista de emprego a seguinte:

CÓDIGO PRIMEIRA PROBA	CÓDIGO SEGUNDA PROBA	APELIDOS E NOME	Puntuación primeira proba	Puntuación segunda proba	Puntuación total
104	19	González Fernández Natalia	6,625	7,55	14,175
130	6	Funqueiriño Pazos José Luis	7,375	5,9	13,275
129	24	Torre Mahía Lidia	7,375	5,45	12,825
109	5	Vázquez Montes Tamara	7,25	6,6	13,85

TERCEIRO.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,
Decreto

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real
128/2018,

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

